

II CERTAME DE FOTOGRAFÍA DE RIORTORTO

A Asociación Cultural Arrincadeira propón a celebración dun concurso de fotografía sobre o patrimonio etnográfico do concello de Riotorto

A traveso desta actividade preténdese introducir os participantes no coñecemento e divulgación do noso patrimonio cultural en calquera das súas vertentes:

- Histórico-artístico
- Arqueolóxico
- Natural
- Paisaxístico
- Cultural
- Monumental

DESTINATARIOS

Poderán participar tódalas persoas que o desexen.

ACTIVIDADE

Os participantes elixirán calquera tema relacionado co patrimonio etnográfico do concello de Riotorto.

Tódalas fotografías presentadas deberán ser inéditas e realizadas polo concursante.

DOCUMENTACION A ENTREGAR

Cada participante entregará un máximo de 5 fotografías, que deberán ser presentadas en soporte dixital CD-ROM cunha resolución mínima de 3 megapíxels coa menor compresión posible, etiquetado co nome do autor e teléfono de contacto. Nun ficheiro de texto porase o nome de cada fotografía e o sitio onde se realizou. Poderanse presentar fotografías tanto en branco e negro como en color.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACION

A calquera membro da directiva da asociación Arrincadeira ou no Bar Rodil antes do 31 de marzo de 2008.

XURADO

O xurado estará composto polo gañador do ano pasado, un membro da xunta directiva de Arrincadeira e un profesional de recoñecido prestixio no ámbito da fotografía.

PREMIO

Haberá un único premio consistente nunha peza de artesanía.
Farase unha exposición coas fotografías presentadas.

Máis información en www.arrincadeira.org ou escribindo ó enderezo electrónico fotografia@arrincadeira.org